

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

Decreto 45/2009, do 12 de febreiro, polo que se modifica o artigo 6 do Decreto 133/2002, do 11 de abril, polo que se regula a concesión de préstamos polo Instituto Galego de Promoción Económica.

O Decreto 133/2002, do 11 de abril (DOG nº 78, do 23 de abril), polo que se regula a concesión de préstamos polo Instituto Galego de Promoción Económica, habilitou o Igape para conceder préstamos ou créditos a favor de empresas domiciliadas en Galicia, nos ámbitos concretos de apoio ás persoas emprendedoras e de apoio ao financiamento de producións audiovisuais.

Posteriormente, mediante os Decretos 154/2004, do 7 de xullo, e 174/2007, do 6 de setembro, habilitouse o Igape para a concesión de préstamos de acordo cos requisitos e características establecidos nos programas que con carácter xeral para tal efecto aprobo coa finalidade de ampliar o tipo de proxectos que se financien.

O Decreto 133/2002 establece no seu artigo 6º, que o prazo de amortización dos préstamos non poderá superar os 7 anos.

A experiencia na concesión destas operacións mostra que este prazo resulta insuficiente nalgúns casos para adaptar as amortizacións á capacidade de reembolso das empresas e/ou á vida útil dos bens financiados. Iso resulta imprescindible para que as empresas beneficiarias manteñan unha estrutura financeira equilibrada.

Por iso, considérase oportuno modificar o Decreto 133/2002, no sentido de ampliar o prazo máximo de amortización dos préstamos concedidos polo Igape, ata un máximo de 12 anos.

En virtude do que antecede, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na reunión do día doce de febreiro de dous mil nove,

DISPOÑO:

Artigo único.-Modifícase o artigo 6 do Decreto 133/2002, do 11 de abril, polo que se regula a concesión de préstamos polo Instituto Galego de Promoción Económica, que queda redactado como segue:

«Artigo 6º

O Consello de Dirección do Igape aprobará as condicións dos préstamos ou créditos do Igape, así como o importe das comisións que, se é o caso, devenquen. O prazo de amortización das operacións non poderá superar os 12 anos e o tipo de xuro calculárase sobre o euríbor máis un diferencial. Os prazos

de disposición, amortización e carencia das operacións adaptaranse ás características e necesidades de cada proxecto».

Disposición derradeira

Este decreto entrará en vigor o día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, doce de febreiro de dous mil nove.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

José Ramón Fernández Antonio
Conselleiro de Economía e Facenda

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Orde do 18 de febreiro de 2009 pola que se suprimen determinados ficheiros de datos de carácter persoal existentes na Escola Galega de Administración Pública, como organismo autónomo da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e que se publicaron na Orde do 21 de xuño de 2001 reguladora de datos de carácter persoal da Consellería da Presidencia e Administración Pública e as súas secretarías xerais e da Orde do 26 de novembro de 2003 pola que se regulan e protexen os datos de carácter persoal existentes na Escola Galega de Administración Pública.

A Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro (BOE nº 298, do 14 de decembro), regula o tratamento de datos de carácter persoal rexistrados en soportes físicos, que os faga susceptibles de tratamento, así como toda modalidade de uso posterior destes datos polos sectores público e privado. A finalidade desta regulación é garantir e protexer as liberdades públicas e os dereitos fundamentais das persoas físicas e, especialmente, a súa honra e intimidade persoal e familiar.

No artigo 20 da devandita lei dispónse que a creación, modificación ou supresión dos ficheiros das administracións públicas só poderán facerse por medio de disposición xeral publicada no BOE ou diario oficial correspondente.

En consecuencia, en virtude das facultades que me confire o artigo 34.6º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e da súa Presi-